



Expediente nº: IN407A 2023/311-1 (Expropiacións).

### ACTA PREVIA Á OCUPACIÓN.

De conformidade co artigo 52 da Lei de Expropiación Forzosa do 16 de decembro de 1954 e consecuentes do seu Regulamento do 26 de abril de 1957, ás 10:45 horas do **día 18 de febreiro do 2025**, procédese, previa información pública levada ao efecto e citación legal practicada as persoas propietarias propostas, a toma de datos da finca situada no lugar ou paraxe de Agra das Lastras do Concello de **ARZÚA**.

Reunidos a continuación nas oficinas designadas polo Concello de **ARZÚA**, as persoas coas representacións que máis abaixo se describen, procédese a levantar a presente Acta na que se recollen os bens e dereitos obxecto de expropiación para a construción das instalacións eléctricas incluídas no proxecto denominado **“INSTALACIÓN DE TELECONTROL EN L.M.T. POR-706 Apoio AOU0MJGK//77-A10-A4”**, no concello de Arzúa, que foi declarado de utilidade pública, en concreto, que leva implícita a urxente ocupación, por resolución da Dirección Territorial da Coruña da Consellería de Economía e Industria o 11 de xullo do 2024, a prol da entidade beneficiaria **“UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A.”**.

REPRESENTANTE DA ADMINISTRACIÓN:	D. José Lorenzo Prado.
PERITO DA ADMINISTRACIÓN:	D. Santiago Marcos Hidalgo.
REPRESENTANTE DO CONCELLO:	D. Xan Xesús Carril Ramos (Alcalde)
REPRESENTANTE DA ENTIDADE BENEFICIARIA:	D. Javier Santos Couceiro.
TITULAR OU A SÚA REPRESENTANTE:	Non comparece.

### DESCRIPCIÓN DA FINCA E FORMA EN QUE É AFECTADA:

**Finca nº: 1.** (Catastral número 1005, polígono 511)

Cultivo: prado.

Titular proposta: Manuel Suárez Vázquez.

**Servidume de paso aérea de enerxía eléctrica, lonxitude: 0 ml.**

**Servidume de paso aérea de enerxía eléctrica, superficie afectada: 0 m<sup>2</sup>.**

**Superficie de solo afectada en pleno dominio para a colocación do apoio Proxectado nº 1 (Novo apoio número AOU0MJGK // 77-A10-A4 (ITC)): 2,00 m<sup>2</sup>.**

LINDEIROS: Norte: polígono 511, parcela 183. Sur: polígono 511, parcela 184.  
Leste: estrada. Oeste: polígono 511, parcela 177.

#### Manifestacións:

Polo perito da Administración: a superficie afectada encóntrase xa gravada coa servidume de paso de enerxía eléctrica aérea da liña eléctrica existente, baixo a que se proxecta o novo apoio en substitución do existente. Aféctase a 1 metro lineal de peche de catro fíos de alame de espiño sustentado por paos de madeira; aféctase ademais a unha cepa de salgueiro con varios brazos de 3 metros de altura.

E para que conste, ós efectos procedentes, esténdese a presente ACTA por cadruplicado exemplar que asinan as persoas asistentes no lugar e data indicados.